



Inauguración do VIII Ciclo de Conferencias. Escritoræs na Universidade co lema «Unha outra literatura para un outro tempo»

**Sección: Linguas Cooficiales y Minoritarias
en 24 Sep, 2013 - 10:25**

- Será o vindeiro xoves 26 de setembro, ás 12.00, no Salón de Actos da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo, coa presenza do Secretario xeral de política lingüística, Valentín García, da escritora Rexina Vega, vogal da AELG en Vigo, e da Decana da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo, María Rosa Pérez Rodríguez.
- O ciclo ábrese cunha mesa redonda sobre narrativa cos escritores Alberto Lema e Samuel Solleiro

(A Coruña, 24 de setembro de 2011) O ciclo "Escritores/as na Universidade" chega á súa oitava edición. Organizado pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) en colaboración coa Secretaría xeral de política lingüística e a Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo, o ciclo propón para este outono unha serie de mesas redondas que achegan ao alumnado universitario, e á sociedade en xeral, a oportunidade de escoitar os autores/as analizando a súa obra persoal cada ano desde un prisma diferente que vén dado polo lema do ciclo, que nesta edición é "Unha outra literatura para un outro tempo".

O ciclo estrutúrase en tres mesas redondas correspondentes a cadanseu xénero literario. A primeira "Ser ou non ser posmoderno? As oportunidades perdidas e os ciclos pechados", sobre narrativa, inaugura o ciclo coa presenza dos narradores Alberto Lema e Samuel Solleiro.

A seguinte, que terá lugar o 3 de outubro no mesmo lugar e hora, abordará a cuestión desde o xénero poético coa participación de Berta Dávila e Gonzalo Herme, que falarán da incidencia da situación económica e política no modo en como conciben o discurso poético nunha mesa titulada "Furia estratéxica para un tempo salvaxe? Precariedade e poesía".

Rematará o 24 de outubro, tamén ás 12.00 no salón de actos da Facultade de Filoloxía e Tradución, coas reflexións sobre o hibridismo de linguaxes nas novas tendencias escénicas das dramaturgas Antía Otero e Vanesa Sotelo, baixo o título "Teatro impuro para tempos bastardos".